



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación de Baixo Eléctrico 2025-26

Índice

1. Introducción	4
2. Metodoloxía	5
3. Atención á diversidade	7
4. Temas transversais	7
4.1. Educación en valores	7
4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	8
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	9
6. Secuenciación do curso	9
6.1. Curso: 1º GRAO ELEMENTAL	9
6.2. Curso: 2º GRAO ELEMENTAL	16
6.3. Curso: 3º GRAO ELEMENTAL	23
6.4. Curso: 4º GRAO ELEMENTAL	30
6.5. Curso: 1º GRAO PROFESIONAL	36
6.6. Curso: 2º GRAO PROFESIONAL	43
6.7. Curso: 3º GRAO PROFESIONAL	51
6.8. Curso: 4º GRAO PROFESIONAL	58
6.9. Curso: 5º GRAO PROFESIONAL	66
6.9.1.1. Curso: 6º GRAO PROFESIONAL	74
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	82
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	82
9. ANEXOS	84
9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional	84
9.2. Probas de acceso a 2º, 3º e 4º de grao elemental	86
9.3. Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de grao profesional	87
9.4. Criterios para a obtención dos premios fin de grao	91

¡Error! Marcador no definido.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA



1. Introducción

A Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

O artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas para a nosa comunidade autónoma no posterior *Decreto 198/2007 do 27 de setembro de 2007, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música*.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Así mesmo, a Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música



fíxanse no Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro e se definen no marco da nosa comunidade no *Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música*.

A presente programación dá concreción a ditos decretos a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

2. Metodoloxía

No **grao elemental**, o alumnado contará cunha clase individual e unha clase colectiva semanais. A clase colectiva complementará os contidos da clase individual e fomentará o traballo en grupo.

As actividades didácticas que se levarán a cabo son as seguintes:

- Aprendizaxe de cancións e temas instrumentais, e traballo de exercicios que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.
- Traballo da linguaxe e das técnicas dos diferentes estilos que conforman a música moderna e o jazz.
- Traballo da improvisación e da harmonía.
- Traballo da lectura a primeira vista.
- Traballo de lectura de cifrados.
- Traballo con *Play along* como práctica das diferentes partes do conxunto e a improvisación.
- Audicións que permitan a mellora da capacidade crítica do alumnado e que favorezan a estimulación da práctica na casa.
- Traballo de música en grupo nas clases colectivas.



- Participación nas audicións propostas polo departamento.

No **grao profesional**, o alumnado contará cunha clase individual semanal. As actividades didácticas que se levarán a cabo son as seguintes:

- Aprendizaxe de cancións e temas instrumentais e traballo de exercicios que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.
- Traballo da linguaxe e das técnicas dos diferentes estilos que conforman a música moderna e o jazz.
- Traballo da improvisación e da harmonía.
- Traballo con *Play along* como práctica das diferentes partes do conxunto e a improvisación.
- Traballo de lectura a primeira vista.
- Traballo de lectura de cifrados.
- Transcrición de temas, solos ou cancións.
- Participación en audicións e actividades programadas polo departamento.
- Traballo e experimentación cos efectos, amplificadores, controis do instrumento, etc. para coñecer as distintas posibilidades sonoras que ofrece o equipamento e saber adaptalas a cada situación musical concreta.
- Utilización dun equipo de gravación para rexistrar a interpretación da parte de baixo dos temas ou cancións traballadas.
- Audicións de cancións ou temas instrumentais de diferentes estilos.
- Traballos escritos de contextualización do repertorio que se vai a interpretar.



3. **Atención á diversidade**

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan ós diferentes graos de aprendizaxe.
- Variacións de metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno.
- Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introducción dos novos contidos adaptándose ao alumno individualmente. A adaptación dos obxectivos e por tanto dos contidos terá que respetar os mínimos esixibles fixados na programación.

4. **Temas transversais**

4.1. **Educación en valores**

A educación no ámbito musical non debe rematar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas ou un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e son uns elementos educativos básicos que



deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical facilita a incorporación destes temas ao aula. Temas como os dereitos humanos e dos nenos, a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser tratados na clase de instrumento.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A importancia da tecnoloxía na música moderna é tan obvia que non necesita ser recordada. A isto engádese o enorme impacto e posibilidades de internet, onde podemos atopar videos educativos de casi todas as pezas de música moderna estudadas, acceder á literatura pedagóxica, partituras... os recursos son enormes e poden resultar caóticos para os máis novos. Por iso o papel orientador do profesor é fundamental, propoñendo materiais axeitados e axudando a distinguir o importante do que non o é.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados na aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

Empregaránse os seguintes materiais audiovisuais no aula:

- Acompañamentos en formato dixital como apoio para o estudo.



- Plataformas dixitais como YouTube, Spotify, etc. para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.
- Emprego de videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc., para analizar na aula as propias interpretacións.
- O material en formato electrónico (partituras, textos, presentacións, etc.) tamén será útil xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes.
- Emprego dos motores de busca para recopilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

- Participación nas audicións que se realicen durante o curso.
- Participación nos cursos, intercambios e outras actividades que se programen durante o curso.
- Asistencia a concertos tanto dentro como fora do centro.

6. Secuenciación do curso

6.1. Curso: 1º GRAO ELEMENTAL

6.1.1. Obxectivos

- Coñecer o instrumento e as súas posibilidades.
- Introducir a amplificación, a ecualización e os accesorios básicos.



- Aprender a afinar o instrumento con afinador electrónico
- Suxeitar o instrumento cunha boa posición corporal.
- Colocar ben os dedos das dúas mans.
- Coñecer o diapasón nas primeiras posicións.
- Traballar o mecanismo e a sincronización das dúas mans.
- Coñecer o cifrado de xeito básico.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de música moderna e jazz axeitadas ao nivel.
- Desenvolver a memoria musical.
- Reforzar a lectura na clave de fa.
- Traballar en conxunto mostrando unha actitude participativa.
- Ser consciente da necesidade de estudar.

6.1.2. **Contidos**

- Partes do instrumento; mantemento e accesorios.
- Obtención do son por medio do amplificador e o ecualizador.
- Videos de intérpretes destacados en diversos estilos.
- Afinación con afinador electrónico.
- Sistema de posicións; posición pechada e cromática.
- Estudos técnicos axeitados ao nivel.
- Escalas maiores nas dúas primeiras posicións.
- Traballo rítmico co metrónomo; exercicios para a man dereita.



- Extincións do son.
- Iniciación ao cifrado.
- Formación de acordes.
- Triadas de tónica, dominante e subdominante de do M.
- Pezas axeitadas ao nivel.
- Interpretación de memoria.
- Práctica de conxunto con grabacións e na clase colectiva.
- Tareas a realizar de xeito individual.

6.1.3. **Avaliación**

O profesor avaliará ao alumnado tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas e actitude cara ó instrumento.

Ao comezo do curso o profesor realizará unha avaliación inicial có fin de detectar o nivel dos alumnos en función das súas capacidades, actitudes e coñecementos. A información obtida nos permitirá adaptar os novos contidos, o repertorio, e as actividades á realidade do noso alumnado, asegurando unha asimilación adecuada.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.



Criterios de avaliación

- Amosar interese polo instrumento, repertorio e intérpretes.
- Saber conectar e axustar correctamente o amplificador coñecendo unhas normas de seguridade básicas de manexo de aparellos electrónicos.
- Saber afinar o instrumento cun afinador electrónico.
- Coller axeitadamente o instrumento.
- Colocar correctamente os dedos das dúas mans.
- Coñecer as notas en todas as cordas ata a segunda posición.
- Mostrar nos exercicios a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- Coñecer os nomes das notas en inglés.
- Saber qué son e como se forman os acordes.
- Coñecer as triadas de tónica, dominante e subdominante en do M.
- Interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó seu contido. Valorarase a interpretación de memoria.
- Manifestar a capacidade de adaptación ó resto dos instrumentos ou acompañamento grabado.
- Participar activamente nas clases colectivas e audicións programadas.
- Traballar todos os contidos mínimos que figuran na programación.

Mínimos esixibles por trimestre

Estudar e interpretar correctamente en cada trimestre os seguintes contidos (ver lista orientativa de obras):



- Un tercio aproximadamente das escalas e arpexios que figuran no apartado Contidos.
- Un tercio do Bass Method Complete Edition - Ed Friedland [páxinas 1-42] (Ed. Hal Leonard)
- 3 obras de distintos estilos.

As obras poderán ser diferentes ás da lista orientativa, previo acordo co/a profesor/a.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas de aula obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a eventual participación nas audicións publicas ao longo do curso.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes. No caso de non realizarse algunha das probas, eliminarase da ponderación e a súa porcentaxe repartirase entre os demais apartados:

Proba de aula: 30%	Traballo semanal: 50%	Audición 20%
--------------------	-----------------------	--------------

Á súa vez, a proba de aula e o traballo semanal ponderaranse do seguinte xeito:

Proba de aula	Traballo semanal
Técnica: 30%	Estudo: 70%
Musicalidade: 30%	Actitude fronte ó instrumento: 30%



Preparación: 40%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados todos os contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación. O alumnado que non poda ser avaliado de forma continua terá dereito a un exame de toda a materia a finais do curso. Dito exame consistirá na interpretación dunha escala e arpexio, un estudo, e dúas obras de entre os mínimos do curso, a elección do/a profesor/a.

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Técnica: 30%	Musicalidade: 30%	Preparación: 40%
--------------	-------------------	------------------



Probos extraordinarias

O alumnado que non obtivera cualificación positiva na terceira avaliación poderá presentarse á proba extraordinaria en xuño presentando os contidos mínimos dos tres trimestres do curso. De entre eses contidos o/a alumno/a interpretará unha escala, un arpeixio e dúas obras, a elección do profesor/a. Valorarase a interpretación de memoria.

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Técnica: 30%	Musicalidade: 30%	Preparación: 40%
--------------	-------------------	------------------

6.1.5. Recursos didácticos

Listaxe orientativo de obras

- C. NORTON: Bubble gum
- C. NORTON: Double quick
- THE BEATLES: All my loving
- TOM PETTY: I won't back down
- POLICE: Every breath you take
- BEN E. KING: Stand by me
- U2: With or without you
- MEGHAN TRAINOR: All about that bass
- AC/DC: Highway to hell
- BOB MARLEY: Stir it up



Bibliografía

- ED FRIEDLAND Bass Method Complete Edition [páxinas 1-42] (ed. Hal Leonard)
- ARNIE BERLE: Solo Book for Bass Guitar (Acorn Music Press)
- CHRISTOPHER NORTON: Microjazz for double bass (ed. Boosey&Hawkes)
- J. DES PRES: Simplified sight reading for bass (ed. Hal Leonard)

6.2. Curso: 2º GRAO ELEMENTAL

6.2.1. Obxectivos

- Coñecer o instrumento e as súas posibilidades.
- Desenvolver o concepto de autocontrol muscular e relaxación.
- Ampliar progresivamente o rexistro.
- Practicar os cambios de posición.
- Traballar o mecanismo e a sincronización das dúas mans.
- Reforzar o traballo do tempo ternario.
- Coñecer a técnica da púa.
- Traballar cifrados sinxelos.
- Iniciarse na creación de liñas de baixo e a improvisación.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de música moderna e jazz axeitadas ao nivel.
- Desenvolver a memoria musical.
- Traballar a lectura a primeira vista.
- Traballar en conxunto mostrando unha actitude participativa.



- Adquirir hábitos correctos de estudo.

6.2.2. **Contidos**

- Videos de intérpretes destacados en diversos estilos.
- Notas ata a cuarta posición.
- Estudos técnicos axeitados ao nivel.
- Exercicios de cambio de posición.
- Escalas maiores empezando polo 1º, 2º e 4º dedos ata a cuarta posición. Dixitacións abertas.
- Traballo rítmico co metrónomo; exs. para a man dereita en ritmo binario e ternario.
- Práctica de ritmos ternarios (shuffle).
- Exercicios de técnica da púa.
- Triadas de I, IV e V en todas as tonalidades. Inversións.
- Aplicación das escalas e arpexios improvisando sobre un solo acorde.
- Dobres cordas no baixo eléctrico.
- Pezas axeitadas ao nivel.
- Interpretación de memoria.
- Exercicios de lectura a primeira vista, sen alteracións.
- Práctica de conxunto con grabacións e na clase colectiva.
- Tareas a realizar de xeito individual.



6.2.3. **Avaliación**

O profesor avaliará ao alumnado tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas e actitude cara ó instrumento.

Ao comezo do curso o profesor realizará unha avaliación inicial có fin de detectar o nivel dos alumnos en función das súas capacidades, actitudes e coñecementos. A información obtida nos permitirá adaptar os novos contidos, o repertorio, e as actividades á realidade do noso alumnado, asegurando unha asimilación adecuada.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

Criterios de avaliación

- Amosar interese polo instrumento, repertorio e intérpretes.
- Utilizar o tono muscular e a respiración axeitados ás esixencias da execución instrumental.
- Colocar correctamente os dedos das dúas mans.
- Coñecer o rexistro ata a cuarta posición.
- Saber interpretar pezas con púa.
- Mostrar nos exercicios a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.



- Coñecer as triadas de I, IV e V en todas as tonalidades.
- Coñecer diferentes estratexias para a creación de liñas de baixo.
- Ser capaz de improvisar sobre un solo acorde.
- Interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó seu contido. Valorarase a interpretación de memoria.
- Leer textos sinxelos a primeira vista.
- Manifestar a capacidade de adaptación ó resto dos instrumentos ou acompañamento grabado.
- Participar activamente nas clases colectivas e audicións programadas.
- Traballar todos os contidos mínimos que figuran na programación.

Mínimos esixibles

Estudar e interpretar correctamente en cada trimestre os seguintes contidos (ver lista orientativa de obras):

- Un tercio aproximadamente das escalas e arpexios que figuran no apartado Contidos.
- Un tercio do Bass Method Complete Edition - Ed Friedland [páxinas 43-75] (Ed. Hal Leonard)
- 3 obras de distintos estilos.

As obras poderán ser diferentes ás da lista orientativa, previo acordo co/a profesor/a.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.



- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas de aula obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a eventual participación nas audicións publicas ao longo do curso.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes. No caso de non realizarse algunha das probas, eliminarase da ponderación e a súa porcentaxe repartirase entre os demais apartados:

Proba de aula: 30%	Traballo semanal: 50%	Audición 20%
--------------------	-----------------------	--------------

Á súa vez, a proba de aula e o traballo semanal ponderaranse do seguinte xeito:

Proba de aula	Traballo semanal
Técnica: 25%	Estudo: 70%
Musicalidade: 25%	Actitude fronte ó instrumento: 30%
Preparación: 40%	
Lectura a 1ª vista: 10%	

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter



superados todos os contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.2.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación. O alumnado que non poda ser avaliado de forma contínua terá dereito a un exame de toda a materia a finais do curso. Dito exame consistirá na interpretación dunha escala e arpexio, un estudo, e dúas obras de entre os mínimos do curso, a elección do/a profesor/a.

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Técnica: 30%	Musicalidade: 30%	Preparación: 40%
--------------	-------------------	------------------

Probas extraordinarias

O alumnado que non obtivera cualificación positiva na terceira avaliación poderá presentarse á proba extraordinaria en xuño presentando os contidos mínimos dos tres trimestres do curso. De entre eses contidos o/a alumno/a interpretará unha escala, un arpexio e dúas obras, a elección do profesor/a. Valorarase a interpretación de memoria.

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:



Técnica: 30%	Musicalidade: 30%	Preparación: 40%
--------------	-------------------	------------------

6.2.5. Recursos didácticos

Listaxe orientativo de obras

- QUEEN: Another one bites the dust
- NIRVANA: Come as you are
- THE BEATLES: Day tripper
- PINK FLOYD: Money
- POLICE: Message in a bottle
- M. JACKSON: Beat it
- METALLICA: The god that failed
- JERRY-LEE LEWIS: Great balls of fire
- LOS LOBOS: La bamba
- THE TEMPTATIONS: My girl

Bibliografía

- ED FRIEDLAND Bass Method Complete Edition [páxinas 43-73] (Ed. Hal Leonard)
- M. WEINSTEIN: Contemporary modal solos (Ed. University of Miami Music Press)
- ARNIE BERLE: Solo Book for Bass Guitar (Acorn Music Press)
- J. des PRES: Simplified Sight Reading for Bass (Ed. Hal Leonard)



6.3. **Curso: 3º GRAO ELEMENTAL**

6.3.1. **Obxectivos**

- Coñecer o instrumento e as súas posibilidades.
- Tocar cunha posición relaxada; coñecer a importancia da respiración na interpretación en relación co fraseo e o ritmo.
- Ampliar progresivamente o rexistro.
- Desenvolver a velocidade, traballar o mecanismo e a sincronización das dúas mans.
- Reforzar o traballo do tempo ternario.
- Traballar cifrados sinxelos.
- Iniciarse na creación de liñas de baixo e a improvisación.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de música moderna e jazz axeitadas ao nivel.
- Desenvolver a memoria musical.
- Traballar a lectura a primeira vista.
- Traballar en conxunto mostrando unha actitude participativa.
- Adquirir hábitos correctos de estudo.

6.3.2. **Contidos**

- Videos de intérpretes destacados en diversos estilos.
- Notas ata a sétima posición.
- Estudos técnicos axeitados ao nivel.
- Escalas M, m (natural e dórica) e pentatónica.



- Exercicios de mecanismo e cambio de posición.
- Traballo rítmico co metrónomo; exs. para a man dereita en ritmo binario e ternario. Shuffle.
- “Dead notes”.
- Cambio binario-ternario e viceversa; escritura swing.
- Triadas sobre todos os graos da escala maior. Acorde de 7ª dominante. Inversións.
- Aplicación das escalas e arpexios na creación de líneas de baixo.
- Aplicación das escalas e arpexios estudados improvisando sobre progresións sinxelas de acordes.
- Pezas axeitadas ó nivel.
- Interpretación de memoria.
- Exercicios de lectura a primeira vista, unha alteración.
- Práctica de conxunto con grabacións e na clase colectiva.
- Tareas a realizar de xeito individual.

6.3.3. **Avaliación**

O profesor avaliará ao alumnado tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas e actitude cara ó instrumento.



Ao comezo do curso o profesor realizará unha avaliación inicial có fin de detectar o nivel dos alumnos en función das súas capacidades, actitudes e coñecementos. A información obtida nos permitirá adaptar os novos contidos, o repertorio, e as actividades á realidade do noso alumnado, asegurando unha asimilación adecuada.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

Criterios de avaliación

- Amosar interese polo instrumento, repertorio e intérpretes.
- Utilizar o tono muscular e a respiración axeitados ás esixencias da execución instrumental.
- Coñecer o rexistro ata a sétima posición.
- Saber interpretar ritmos con swing.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- Coñecer as triadas da escala maior e o acorde de 7^a dominante.
- Coñecer diferentes estratexias para a creación de liñas de baixo.
- Ser capaz de tocar unha liña de baixo e improvisar sobre unha progresión sinxela de acordes a unha velocidade moderada.
- Interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó seu contido. Valorarase a interpretación de memoria.



- Manifestar a capacidade de adaptación ó resto dos instrumentos ou acompañamento grabado.
- Leer textos sinxelos a primeira vista.
- Participar activamente nas clases colectivas e audicións programadas.
- Traballar todos os contidos mínimos que figuran na programación.

Mínimos esixibles

Estudar e interpretar correctamente en cada trimestre os seguintes contidos (ver lista orientativa de obras):

- Un tercio aproximadamente das escalas e arpexios que figuran no apartado Contidos.
- Un tercio do Bass Method Complete Edition - Ed Friedland [páxinas 75-111] (Ed. Hal Leonard)
- 3 obras de distintos estilos.

As obras poderán ser diferentes ás da lista orientativa, previo acordo co/a profesor/a.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas de aula obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a eventual participación nas audicións publicas ao longo do curso.



Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes. No caso de non realizarse algunha das probas, eliminarase da ponderación e a súa porcentaxe repartirase entre os demais apartados:

Proba de aula: 30%	Traballo semanal: 50%	Audición 20%
--------------------	-----------------------	--------------

Á súa vez, a proba de aula e o traballo semanal ponderaranse do seguinte xeito:

Proba de aula	Traballo semanal
Técnica: 25%	Estudo: 70%
Musicalidade: 25%	Actitude: 30%
Preparación: 40%	
Lectura a 1ª vista: 10%	

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados todos os contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.



6.3.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrárase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que non foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación. O alumnado que non poda ser avaliado de forma continua terá dereito a un exame de toda a materia a finais do curso. Dito exame consistirá na interpretación dunha escala e arpexio, un estudo, e dúas obras de entre os mínimos do curso, a elección do/a profesor/a.

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Técnica: 30%	Musicalidade: 30%	Preparación: 40%
--------------	-------------------	------------------

Probas extraordinarias

O alumnado que non obtivera cualificación positiva na terceira avaliación poderá presentarse á proba extraordinaria en xuño presentando os contidos mínimos dos tres trimestres do curso. De entre eses contidos o/a alumno/a interpretará unha escala, un arpexio e dúas obras, a elección do profesor/a. Valorarase a interpretación de memoria.

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Técnica: 30%	Musicalidade: 30%	Preparación: 40%
--------------	-------------------	------------------



6.3.5. Recursos didácticos

Listaxe orientativo de obras

- THE BEATLES: Drive my car
- AC/DC: Back in black
- OASIS: Don't look back in anger
- FREDDIE KING: Hide away
- MEGADETH: Dawn patrol
- BEACH BOYS: Good vibrations
- BOB MARLEY: No woman, no cry
- THE METERS: Cissy strut
- JAMES BROWN: I feel good
- WILD CHERRY : Play that funky music

Bibliografía

- ED FRIEDLAND Bass Method Complete Edition [páxinas 74-111] (Ed. Hal Leonard)
- M. WEINSTEIN: Contemporary modal solos (Ed. University of Miami Music Press)
- J. JAMERSON: Standing in the shadows of Motown (Ed. Hal Leonard)
- CAROL KAYE: Electric Bass lines vol. 4 (Gwyn Publishing Co.)
- J. des PRES: Simplified Sight Reading for Bass (Ed. Hal Leonard)



6.4. Curso: 4º GRAO ELEMENTAL

6.4.1. Obxectivos

- Coñecer o instrumento e as súas posibilidades.
- Tocar cunha posición relaxada; coñecer a importancia da respiración na interpretación en relación co fraseo e o ritmo.
- Coñecer todas as notas do rexistro do instrumento.
- Desenvolver a velocidade, traballar o mecanismo e a sincronización das dúas mans.
- Iniciarse na técnica de slap.
- Traballar cifrados sinxelos.
- Iniciarse na creación de liñas de baixo e a improvisación.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de música moderna e jazz axeitadas ao nivel.
- Desenvolver a memoria musical.
- Traballar a lectura a primeira vista.
- Traballar en conxunto mostrando unha actitude participativa.
- Adquirir hábitos correctos de estudo.

6.4.2. Contidos

- Videos de intérpretes destacados en diversos estilos.
- Notas en todo o rexistro do instrumento.
- Estudos técnicos axeitados ao nivel.
- Escalas M, m (os 4 tipos), pentatónica e blues.



- Exercicios de mecanismo e cambio de posición.
- Traballo rítmico co metrónomo.
- Exercicios sinxelos de slap: hammer-on, pull-off, oitavas.
- Triadas M, m, 5ª dim. e 5ª aug; acorde de 7ª dom. en todas as inversións.
- Aplicación das escalas e arpexios na creación de líneas de baixo; notas de aproximación.
- Aplicación das escalas e arpexios estudados improvisando sobre progresións sinxelas de acordes.
- Introducción aos sete modos da escala maior.
- Pezas axeitadas ó nivel.
- Interpretación de memoria.
- Exercicios de lectura a primeira vista, ata dúas alteracións.
- Práctica de conxunto con grabacións e na clase colectiva.
- Tareas a realizar de xeito individual.

6.4.3. Avaliación

O profesor avaliará ao alumnado tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas e actitude cara ó instrumento.



Ao comezo do curso o profesor realizará unha avaliación inicial có fin de detectar o nivel dos alumnos en función das súas capacidades, actitudes e coñecementos. A información obtida nos permitirá adaptar os novos contidos, o repertorio, e as actividades á realidade do noso alumnado, asegurando unha asimilación adecuada.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

Criterios de avaliación

- Amosar interese polo instrumento, repertorio e intérpretes.
- Utilizar o tono muscular e a respiración axeitados ás esixencias da execución instrumental.
- Coñecer todo o rexistro do instrumento.
- Coñecer o slap de xeito básico.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- Coñecer as triadas M, m, 5ª dim. e 5ª aug.; acorde de 7ª dominante en todas as inversións.
- Ser capaz de crear unha liña de baixo e improvisar sobre unha secuencia sinxela de acordes, a unha velocidade moderada.
- Interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó seu contido. Valorarase a interpretación de memoria.



- Manifestar a capacidade de adaptación ó resto dos instrumentos ou acompañamento grabado.
- Leer textos sinxelos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Participar activamente nas clases colectivas e audicións programadas.
- Traballar todos os contidos mínimos que figuran na programación.

Mínimos esixibles

Estudar e interpretar correctamente en cada trimestre os seguintes contidos (ver lista orientativa de obras):

- Un tercio aproximadamente das escalas e arpexios que figuran no apartado Contidos.
